

MODELO ESCRITO PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA A VOGAL DA XUNTA XERAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES – PERSOA FÍSICA

ESCRITO PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA A VOGAL DA XUNTA XERAL .
CONFRARÍA DE PESCADORES _____

Nome e apelidos

DNI

_____ / _____
coñecido co alcume de _____, con enderezo a efectos de
notificacións

_____, CP _____, Concello _____,
teléfono _____

EXPÓN:

1. Que figura no Censo Electoral definitivo, publicado pola comisión electoral, polo que presenta a súa candidatura a Vogal da Xunta Xeral da devandita Confraría de Pescadores, nas eleccións que se van celebrar o vindeiro día_de_de 2022.

Marcar cun X:

Colectivo	<input type="checkbox"/> Empresario <input type="checkbox"/> Traballador
Sector de Producción	<input type="checkbox"/> Marisqueo a pé <input type="checkbox"/> Marisqueo desde embarcación <input type="checkbox"/> Recursos específicos – Modalidade: <input type="checkbox"/> Pesca de baixura, frota de artes menores. <input type="checkbox"/> Pesca de baixura, frota de cerco. <input type="checkbox"/> Pesca de arrastre do litoral. <input type="checkbox"/> Pesca de altura e grande altura. <input type="checkbox"/> Outros: <input type="checkbox"/>
Agrupación Sectorial	<input type="checkbox"/> Vogal Xunta Xeral <input type="checkbox"/> Vogal da Xunta Directiva Agrupación por elección (só para agrupación)

(1) Descrición do Sector de Producción, segundo o artigo 23.5 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro

2. Que cumpre os requisitos requiridos no Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, consonte se determinan no seu Capítulo IX.

3. Que en cumprimento do disposto no artigo 100.3, do devandito Decreto 8/2014, achégase ó escrito de presentación da candidatura a declaración responsable do cumprimento das condicións de elixibilidade .

En _____, a _____ de _____ de 2022

Sinatura

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE – PERSOA FÍSICA

Nome e apelidos

DNI

_____, coñecido co alcume de _____,
con enderezo a efectos de notificacións, -
_____, CP _____ de _____, teléfono _____

DECLARA:

I. Segundo o establecido no artigo 100.3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, presenta a súa declaración responsable do cumprimento das condicións de elixibilidade.

II. Que cumpre cos requisitos do artigo 80 do devandito Decreto 8/2014, que son:

- a) Ser membro da Confraría pola que presenta a súa candidatura.
- b) Que non está inhabilitado para o exercicio do sufraxio activo por norma legal, estatutaria ou resolución firme do órgano competente.
- c) Ser maior de idade o día que se realicen as votacións.
- d) Ter como mínimo dous anos de antigüidade na confraría estando ao corrente das obrigas económicas con esta e coa agrupación sectorial, de ser o caso.
- e) Non estar inhabilitado para o exercicio de cargo representativo por norma legal, estatutaria ou resolución firme o órgano competente.
- f) Que posúe título administrativo habilitante para o exercicio da actividade, no seu caso.
- g) Que non está en situación de xubilación, agás xubilación parcial ou flexible.
- h) Que non está en situación de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.
- i) Que non foi condenado por sentenza xudicial firme por delitos contra a saúde pública, contra o medio ambiente ou tenencia ilícita de explosivos e por falsidade documental relacionada coa actividade pesqueira.

III. Que entende que de producirse inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta declaración responsable, determinará a imposibilidade da aceptación da súa candidatura, ou a revogación do cargo para o que fora elixido, de ser o caso, sen prexuízo das responsabilidades, penais, civís ou administrativas que tiveran lugar.

En -----, a -- de-----do 2022

Sinatura